

CÓMO PODO POSTULARME?

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

QUE DATOS PRECISO PARA POSTULARME?

A postulación poderase facer de forma **GRUPAL** ou **INDIVIDUAL**.

POSTULARSE COMO EQUIPO

QUE PRECISO?

Máximo cinco persoas

- NOME DO EQUIPO.
- PORTAVOZ DO EQUIPO: nome, apelidos, correo electrónico, cargo, entidade e nº de teléfono.
- INTEGRANTES DO EQUIPO: nomes, apelidos, correos electrónicos e entidade.

POSTULARSE DE FORMA INDIVIDUAL

QUE PRECISO?

- NOME E APELIDOS.
- CORREO ELECTRÓNICO.
- ENTIDADE E CARGO.
- Nº DE TELÉFONO DE CONTACTO.

Tanto para postularse de forma grupal como individual é necesario cubrir a ficha de postulación.

EPÍGRAFES A CUBRIR NO ANEXO I DA POSTULACIÓN

- MOTIVO DA POSTULACIÓN (*descrición das razóns po las que se presenta o proxecto na categoría elixida*).
- EXPLICACIÓN DO PROXECTO OU NECESIDADE (*descrición do proxecto ou a necesidade identificada, explicación de como a iniciativa resolve a necesidade*).
- FACTORES CLAVE (*enumeración daqueles elementos do proxecto que permiten acadar os obxectivos que se planearon e teñen un carácter diferencial respecto doutros proxectos*).
- FACTORES INNOVADORES (*enumeración daqueles elementos de cambio que achegan un valor diferencial de xeito innovador*).
- OUTRA INFORMACIÓN (*neste epígrafe poderase achegar toda a información complementaria que se desexe, así como un vídeo explicativo da postulación*).

MÁIS INFORMACIÓN
AQUÍ

EMPREGADOS/AS
PÚBLICOS/AS
INNOVADORES/AS



1. Quen se pode presentar?

Poderá participar nesta convocatoria todo o persoal ao servizo da Xunta de Galicia e dos seus entes instrumentais, incluídos no ámbito de aplicación da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (<https://boe.es/boe/dias/2015/05/23/pdfs/BOE-A-2015-5677.pdf>).

2. Premios:

- **Na categoría de identificación de oportunidades:** asesoramento personalizado, de aproximadamente 60 horas, no que se identificarán fontes de financiamento a nivel europeo e nacional e se elaborará o material necesario para a solicitude de financiamento.
- **Na categoría de proxectos innovadores:** poderán optar a unha visita a un laboratorio de innovación internacional, para coñecer outras iniciativas de innovación. O premio inclúe o desprazamento, o aloxamento e a dieta. Tamén se opta a **participar nun curso personalizado en innovación.**

Todas as persoas premiadas das diferentes categorías do premio gozarán de recoñecemento público a través do acto de entrega, entrevistas públicas e diploma acreditativo.

3. Campos obrigatorios para a memoria:

A memoria ten que ter, como mínimo, os seguintes campos:

- **Motivo da postulación:**
 - Descrición das razóns polas que se presenta o proxecto ou a necesidade identificada.
- **Explicación do proxecto ou necesidade:**
 - Descrición do proxecto ou a necesidade identificada.
- **Factores clave:**
 - Enumeración daqueles elementos do proxecto que permiten acadar os obxectivos que se plantexaron e teñen un carácter diferencial respecto doutros proxectos.
- **Factores innovadores:**
 - Enumentación daqueles elementos de cambio que achegan un valor diferencial.

Ademais, destes campos, incluídos no Anexo I, dase a posibilidade de achegar máis documentación para completar a solicitude. Esta documentación ten formato libre, pódese entregar calqueira tipo de material que se considere de utilidade para aportar

información explicativa do proxecto. O tamaño límite que ten a sede electrónica da Xunta é de 50MB.

Cómo pode enviar documentos que excedan dos 50MB?

Según se indica no Artigo 6, en concreto, o apartado 5: “No caso de que algún dos documentos que hai que presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos”. Hai que identificar o remitente, o destinatario e o procedemento (IN822D).

4. Categorias do Premio

O premio ten **dúas categorías**:

- **Identificación de oportunidades:** identificación de oportunidades ou retos de innovación dentro de Administración. A/s persoa/s interesada/s en participar nesta categoría deberán detallar e definir unha problemática, así como as razóns que motivan a necesidade de interese que tería a súa resolución.
- **Proxectos innovadores:** proxectos innovadores xa realizados ou en curso. A/s persoa/s interesada/s en participar nesta categoría deberán detallar o proceso do proxecto, expoñer os puntos considerados fundamentais e xustificar por que consideran o proxecto innovador fronte a outro. Esta categoría se divide en dous:
 - Temática máis innovadora: premiaranse aqueles proxectos coa temática máis vangardista e innovadora.
 - Mellor actitude innovadora: premiaranse aquela/as persoa/s polo bo facer dentro do proxecto, como, por exemplo, a innovación de procesos.

4.1 Categoría Identificación de oportunidades:

Segundo se recolle na convocatoria “Premiarase a identificación de oportunidades ou retos de innovación dentro da Administración. As persoas interesadas en participar nesta categoría deberán **detallar e definir unha problemática, así como argumentar a necesidade de resolución da mesma.**”

Que entendemos por “oportunidades ou retos de innovación dentro da Administración”? Abonda con identificar unha problemática e xustificar a necesidade ou interese de resolución da mesma? Que relación ten que ter coa innovación?

Trátase de facer un **exercicio de análise** dende dentro da organización e valéndose do coñecemento interno que permita responder ás seguintes cuestións:

1. Onde existen oportunidades de mellora?
2. Que repercusión que terá esa mellora?. Temos que partir dunha definición precisa da raíz do problema en cuestión e integrando ao usuario na súa definición.

Búscase identificar aquelas actuacións nas que se definan profundamente as problemáticas para chegar ás oportunidades ou retos de innovación.

Criterios de avaliación para esta categoría:

Claridade na descrición da oportunidade que demostre a relevancia desta segundo o contexto ao que se fai referencia	Puntuación 20 %
Identificación dos inconvenientes ou problemas actuais	Puntuación 20 %
Impacto sobre a contorna e efecto dinamizador sobre o escenario actual	Puntuación 10 %
Posibilidade de levar á realidade	Puntuación 20 %
Orixinalidade na postulación e presentación de proposta	Puntuación 30 %

Exemplo:

Oportunidade de innovación identificada dentro do Laboratorio de Innovación de Goberno, Medellín (Colombia). Secretaría de desenvolvemento económico.

Pregunta reto:

Como optimizar a recolección e xestión de información dos produtores agropecuarios beneficiarios das Asistencias Técnicas brindadas pola Secretaría de Desenvolvemento Económico para aumentar os seus ingresos nun 15%?

Descrición da problemática:

A Secretaría de Desenvolvemento Económico - Subsecretaría de Desenvolvemento Rural, por medio da UMATA (Unidade de Asistencia Técnica Agropecuaria), ten como obxectivo acompañar produtiva e empresarialmente pequenos e medianos produtores agropecuarios dos cinco corregimientos de Medellín. Un dos principais problemas é non dispor dunha ferramenta tecnolóxica que permita a recolección e sistematización da información identificada en campo como o RUAT (Rexistro Único de Asistencia Técnica), isto comporta

que non se poida contar con información que permita coñecer a trazabilidade dos procesos e prestar un servizo oportuno-eficiente, fortalecer a asistencia técnica cun sistema de información apropiado permitiría mellorar :

- *Aumentar a produtividade*: xa que na actualidade Medellín non dispón da suficiente produción agropecuaria que satisfaga a súa propia demanda.

- *Comercialización*: mellorar as canles de comercialización da poboación rural coñecendo a súa capacidade de produción, que permita xerar oportunidades de mercado actuais e futuras.

- *Perda da vocación produtiva*: fomentar e empoderar aos mozos rurais na actividade agropecuaria, xa que os produtores actuais son unha poboación cunha idade media superior aos 50 anos, que non foron relevados xeracionalmente, xa que os mozos rurais ven mellores oportunidades na cidade.

Descrición do público obxectivo:

Pequenos e medianos produtores agropecuarios que xeralmente son persoas cunha idade superior aos 50 anos, cun alto grao de analfabetismo, sen acceso a internet nos seus fogares, aínda que contan con puntos de internet libres proporcionados por Medellín Dixital e cunha cobertura de telefonía móbil limitada nos seus predios.

Antecedentes - Esforzos xa realizados – Facilitadores:

Formatos en papel para a súa recolección e almacenamento e bases de datos en Excel para a xestión da información.

4.2 Categoría proxectos innovadores

Proxectos innovadores: nesta categoría premiaranse proxectos innovadores xa realizados ou en curso. As persoas interesadas deberán:

- Detallar o proceso.
- Expor os puntos considerados fundamentais.
- Xustificar a innovación do proxecto.

Que se entende como un proxecto innovador?

Entendese como proxecto innovador aquel que supón unha mellora ou creación de novas ideas de produtos e servizos que supoñan o desenvolvemento e a transformación do entorno.

Exemplo: Proxecto OPod Tube housing: trátase dunhas unidades de micro vivenda experimental de baixo custo para aliviar os problemas de vivenda en Hong Kong, dirixido especialmente a poboación nova que quere independizarse.

Nesta categoría búscase recoñecer dous aspectos por separado:

- **Temática máis innovadora:** premiaranse aqueles proxectos coa temática máis vangardista e innovadora. Enténdese a innovación como melloras substanciais fronte a outras posibles solucións, se é que existen, e promovendo cambios de modelo e de hábitos cara a outros máis sustentables e eficientes.
- **Mellor actitude innovadora:** premiarase a aquelas persoas polo seu bo facer dentro do proxecto, como, por exemplo, na innovación de procesos.

Categoría temática máis innovadora

Que entendemos por “promover cambios de modelo e de hábitos cara a outros máis sustentables e eficientes”?

A adopción de hábitos, cambios na maneira de facer as tarefas, adaptación a novas tecnoloxías, avanzar no modo de facer as cousas e non ollar cara cómo se fixeron ata agora ou pór en funcionamento modificacións que teñan unha repercusión na eficiencia do traballo.

Que se considera temática innovadora ou vangardista?

Definimos como temática innovadora ou vangardista, unha temática que se aborda de forma novedosa pola Administración en canto aos procesos ou que inclúe a aplicación de tecnoloxías disruptivas tales como Blockchain, Big Data, IA, Impresión 3D, Robótica, Realidad Virtual, aumentada ou mixta, IoT, etc

Criterios de avaliación temática máis innovadora

Grao de innovación, diferenciación e orixinalidade do proxecto realizado. Enténdese a innovación como melloras substanciais fronte a outras posibles solucións, se é que existen, e promovendo cambios de modelo e de hábitos cara a outros máis sustentables e eficientes	Puntuación 20 %
Impactos obtidos sobre o escenario actual	Puntuación 10 %
Calidade, capacidade e compromiso do equipo técnico e promotor	Puntuación 20 %
Replicabilidade	Puntuación 20 %
Orixinalidade na postulación e presentación de proposta	Puntuación 30 %

Categoría mellor actitude innovadora

Na categoría de actitude innovadora, que entendemos por “actitudes e hábitos que promoveron procesos de cambio”?

Os procesos de cambio abarcan todas as actividades dirixidas a axudar á organización para adoptar novas actitudes, tecnoloxías ou novas maneiras de facer as cousas. Para iso necesítanse actitudes e hábitos que fagan efectivo o cambio, que permitan a transformación e unha mellora continua.

Na subcategoría de actitude innovadora, que se considera “bo facer dentro do proxecto”? Que valoramos nesta subcategoría? Que é a innovación de procesos?

Nesta categoría premiarase o bo facer e a actitude innovadora, entendendo isto como os valores, hábitos, conduta e disposición que promoven os procesos de cambio baseados no coñecemento. Definimos a innovación en procesos como a implantación dunha nova tecnoloxía nunha actividade ou mellora a través de métodos, ferramentas e técnicas que buscan avances para mellorar a efectividade e así dar unha mellor solución a necesidade.

Na categoría de actitude innovadora, que entendemos por “actitudes e hábitos que promoveron procesos de cambio”?

Os procesos de cambio abarcan todas as actividades dirixidas a axudar á organización para adoptar novas actitudes, tecnoloxías ou novas maneiras de facer as cousas. Para iso necesítanse actitudes e hábitos que fagan efectivo o cambio, que permitan a transformación e unha mellora continua.

Exemplo:

Mente de principiante y cuestionador. Se te atopas nunha situación na que requires colaboración ou necesitas consello, o mellor é manter a mente aberta e cuestionar todas as opcións, non ir con ideas preconcebidas, así terás a vantaxe da escoita activa e de asimilar un maior número de ideas.

Orientación colaborativa, contrastar as ideas e intercambiar opinións con outros, porque un nunca estará seguro/a de que a súa idea sexa perfecta e non se poida mellorar. Contrastar as ideas con persoas de diferentes caracteres, coñecementos, personalidade, etc.

Criterios de avaliación mellor actitude innovadora

Actitudes e hábitos que promoveron procesos de cambio baseados na aplicación do coñecemento adquirido	Puntuación 20 %
Emprego de técnicas e dinámicas de traballo innovadoras, que impliquen ao usuario	Puntuación 20 %
Creatividade e diferenciación na resolución de problemas	Puntuación 20 %
Relación do equipo baseada na colaboración, cooperación e coordinación	Puntuación 10 %
Orixinalidade na postulación e presentación de proposta	Puntuación 30 %